




Medios colaboradores que publicarán o artigo gañador:

- > **Diario de Bergantiños** (diario en papel)
- > **El Correo Gallego** (diario en papel e dixital)
www.elcorreogallego.es
- > **Galicia Confidencial** (diario dixital)
www.galiciainconfidencial.gal
- > **La Opinión de A Coruña** (diario en papel e dixital)
www.laopinioncoruna.com
- > **La Voz de Galicia** (diario en papel e dixital)
www.lavozdeg Galicia.es/carballo
- > **Praza Pública** (diario dixital)
www.praza.gal
- > **Que pasa na Costa** (diario dixital)
www.quepasanacosta.gal
- > **Sermos Galiza** (semanario en papel e diario dixital)
www.sermosgaliza.gal
- > **Tempos Novos** (revista mensual)
www.temposdixital.com

+Info

Servizo de Normalización Lingüística
Concello de Carballo
Tfno: 981 704 304
nelvidal@carballo.gal
www.carballo.gal



COLABORAN

Diario de Bergantiños

elCorreoGallego

La Opinión
A Coruña



La Voz de Galicia

praza
PÚBLICA

Que pasa na Costa

SERMOS GALIZA

TEMPOS NOVOS
revista mensual de información e opinión para o debate



XIV Premio a artigos xornalísticos normalizadores

Concello de Carballo
2018





Bases

1. Obxectivos

O Concello de Carballo, desde o seu Servizo de Normalización Lingüística e en colaboración con varios medios de comunicación escrita, convoca o **XIV Premio a artigos xornalísticos normalizadores Concello de Carballo 2018** cos seguintes obxectivos:

- Incentivar a reflexión sobre a situación social da lingua.
- Crear espazos nos medios de comunicación

escrita para fomentar o uso e o prestixio do idioma galego.

- Promover a lingua galega na prensa escrita.

2. Participantes

Poderán participar neste concurso de xeito individual todas aquelas persoas interesadas, sen límites de idade ou nacionalidade.

3. Características dos artigos

Os artigos serán de opinión e inéditos, deberán estar escritos en galego e deberán contar cos trazos máis significativos do estilo xornalístico: estilo breve e directo, linguaxe xornalística, capacidade de incidencia no público, etc.

Neles deberase tratar algún tema concreto relacionado coa situación sociolingüística do noso país, co fomento da lingua galega, co seu estatus, co argumentario a prol do uso do galego e da normalización lingüística, coa lexislación e os dereitos lingüísticos, con experiencias sociolingüísticas concretas, con propostas para o impulso do uso e prestixio social do galego, con experiencias útiles ou favorables para a dinamización da lingua, coa política lingüística, etc.

Os artigos presentados deberán ter entre **1.800 e 3.300 caracteres** con espazos incluídos.

4. Forma de presentación

Os artigos presentaranse nun sobre grande pechado, deberán estar asinados cun pseudónimo e neles non poderá figurar o nome nin

ningunha outra referencia á autora ou autor.

Dentro do sobre grande incluíranse **catro copias** do artigo e tamén un sobre pequeno pechado que levará escrito por fóra o título do artigo e o pseudónimo da súa autora ou autor. No interior dese sobre pequeno, para non poder ser visto, figurará o nome e apelidos do/a autor/a, o enderezo completo, o número de teléfono, o enderezo electrónico, un breve currículo ou presentación de tres ou catro liñas, o título do artigo e o pseudónimo utilizado.

A presentación farase ou ben presencialmente no Rexistro do Pazo da Cultura do Concello de Carballo, ou por correo certificado ou en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común. No remite debe sinalarse o pseudónimo empregado e na parte dianteira do sobre:

XIV Premio a artigos xornalísticos normalizadores
Concello de Carballo 2018
Rexistro
Pazo da Cultura, 1.º andar
Rúa do Pan s/n
15100 Carballo

Horario do rexistro: de 11.00 h a 13.30 h.

5. Prazo de presentación

O prazo de presentación comeza ao día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no BOP da Coruña a través da Base de datos nacional de subvencións (BDNS) e o último día para presentar artigos será o **20 de abril** de 2018.

6. Premio

Outorgarase un único premio de **1.250 euros** e a **publicación** do artigo nos medios colaboradores.

Á contía económica do premio aplicaráselle a retención fiscal correspondente.

Así mesmo, tamén se poderán seleccionar outros artigos para incluír nunha futura publicación. Estes só se farán públicos e difundirán co permiso previo das súas autoras ou autores.

7. Xurado

O xurado, que será presidido polo alcalde ou persoa en quen delegue,

estará composto por tres persoas de recoñecida capacidade no ámbito ao que se refire a convocatoria e por un secretario ou secretaria, con voz e sen voto, en representación do Concello de Carballo.

8. Selección, avaliación e entrega do premio

Para a selección do traballo premiado, o xurado valorará principalmente:

- A capacidade de incidencia do artigo no público para favorecer o uso, valoración e/ou prestixio do galego.
- A orixinalidade e atracción dos contidos e argumentos, así como do seu tratamento, para promover o uso e prestixio da lingua galega.
- A concreción e o encadramento nun tema, ámbito, sector ou situación determinada.
- A linguaxe xornalística e o estilo directo e breve.
- A clareza expositiva e a calidade lingüística.

Ao xurado correspóndelle avaliar e deliberar sobre os traballos presentados e poderá declarar deserto o premio, así como conceder algún accésit –sen dotación económica–, que só se fará público co permiso previo da autora ou autor.

A decisión do xurado farase pública no prazo máximo de 20 días contados a partir do seguinte do remate do prazo de entrega de artigos.

A entrega do premio terá lugar nun acto público nunha data que se anunciará coa suficiente antelación. O/a autor/a premiado/a comprométese a asistir a este acto.

O artigo gañador publicarase a partir desa data nos distintos medios colaboradores.

9. Base final

Os artigos premiados quedarán en propiedade do Concello de Carballo, a quen se lle permite o seu uso e difusión por todos os medios, sen xerar iso ningún tipo de custo económico por dereitos de autoría nin outros conceptos.

Para a súa publicación, os artigos poderán ser revisados lingüisticamente.

A participación supón a total e plena aceptación destas bases, sobre as que diante de calquera dúbida prevalecerá a opinión do xurado.